

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

X. Sousa Fernández (2008): “Notas sobre o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* en Galicia”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra media. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 299-306.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

NOTAS SOBRE O *ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA EN GALICIA*

Xulio Sousa Fernández

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Ata os inicios do século XX a lingüística e a filoloxía españolas desenvolvéronse fundamentalmente polas contribucións esporádicas e individuais de investigadores que traballaron con moita dedicación e entrega, pero sen programas organizados nin colaboración entre eles (Catalán 1982). Ramón Menéndez Pidal foi en parte un exemplo deste tipo de investigadores excepcionais característicos do século XIX, pero á vez foi tamén o primeiro que conseguiu reunir un conxunto de especialistas que traballaron de xeito organizado e en colaboración (Pérez Pascual 1999). A vontade de Pidal viuse favorecida pola creación da *Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas*, un organismo que desempeñou un rol determinante no desenvolvemento científico español no comezo do século XX¹. Pidal colaborou no deseño deste organismo e tomou parte en 1910 da iniciativa de creación do *Centro de Estudios Históricos*, unha das unidades de investigación da Junta e un verdadeiro modelo de renovación científica e investigadora (López Sánchez 2003)². A actividade investigadora

1 A *Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones* foi creada polo Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes coa finalidade de modernizar a educación e a investigación científicas (López Sánchez 2003). O decreto de creación da Junta é do 11 de xaneiro de 1907. Ao abeiro da Junta creáronse laboratorios e centros de investigación, e promoveuse un sistema de bolsas para estudar no estranxeiro.

2 En 1914 Tomás Navarro Tomás é nomeado secretario do *CEH* e no ano seguinte Ramón Menéndez Pidal é elixido presidente. Os dous foron os primeiros en ocupar esos cargos, pois ata daquela o *CEH* carecera dun equipo de dirección. A sección de filoloxía mantívose con actividade desde a súa creación ata a Guerra Civil.

do *CEH* organizouse desde o seu inicio en seccións. Entre as seis seccións coas que se inaugurou o centro estaba a de filoloxía, chamada primeiramente *Orígenes de la lengua española*, e á cabeza desta sección estivo desde o inicio Pidal. O labor de Pidal no *CEH* supuxo a autentica transformación dos estudos de filoloxía en España, pois soubo obrar como mestre de varias xeracións de filólogos que acabaron conformando a que se había de denominar escola de Madrid ou escola de Menéndez Pidal. A aspiración de Pidal coa creación do *CEH* era implantar en España as concepcións e os métodos de investigación filolóxica e lingüística utilizados noutros países europeos desde o século XIX. O mesmo Pidal inaugura esta liña de estudos con investigacións sobre o leonés, o aragonés e as primeiras manifestacións do español, e tamén como guía dos seus discípulos en exploracións a León, Zamora e Salamanca para determinar os límites entre o galego, o leonés e o portugués. O obxectivo que pretendeu Pidal para a sección de filoloxía do *CEH* era reconstruír a historia filolóxica do español. Este empeño supoñía atender os estudos de fonética, etimoloxía, lexicografía, onomástica, dialectoloxía, xeografía lingüística e tamén a edición de textos, tanto literarios como documentais. A sección de filoloxía do *CEH* constituíuse como unha escola moderna que destacou polo seu rigor científico e que só se viu crebada polo estalido da Guerra Civil. Na sección de filoloxía do *CEH* existiu case desde a súa fundación unha subsección encargada dos *Mapas geográfico-históricos de la España medieval*. Esta unidade foi o antecedente do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*.

A actividade de investigación dialectolóxica do *CEH* non se orientou á elaboración de estudos parciais sobre falas ou sobre áreas de especial interese lingüístico, un tipo de traballos nos que o propio Pidal tiña experiencia, senón que se dirixiu a un proxecto que procuraba revelar a diversidade dialectal das tres áreas romances peninsulares: a do español, a do galego e portugués e a do catalán (Catalán 1974). Nunha carta de Pidal a Unamuno de 1910 xa se expresa esta intención:

Es preciso conocer las múltiples variedades dialectales que aún subsisten en España, y deslindarlas en el mapa para tener una idea del habla viviente que late debajo de la uniformidad literaria. (Pérez Pascual 1999:755)

Entre 1913 e 1914, Tomás Navarro Tomás, discípulo destacado de Pidal e o que sería encargado de dirixir o proxecto do *ALPI*, percorre varias universidades europeas nas que se traballa en fonética experimental e en proxectos de atlas lingüísticos. Navarro pone en contacto con varios investigadores que tiñan experiencia na elaboración de atlas lingüísticos (Millarder, Wredler, etc.) e ten noticias de que en Hamburgo Bernhardt Schädel contaba xa cunha subvención para facer un atlas lingüístico de España e Hispanoamérica (Pérez Pascual 1999). Á volta de Navarro Tomás da súa viaxe o proxecto do *ALPI* parecía estar bastante perfilado:

En 1914 quedaron ya definidas las líneas generales del proyectado atlas. En primer lugar, no se limitaría a la parte de España de lengua castellana, sino que abarcaría toda la unidad románica de la Península y se titularía *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)*. Su objeto sería recoger el material necesario para ofrecer una representación de la lengua popular hablada en pueblos menores y antiguos por personas iletradas o de escasa cultura, entre los cuarenta y los sesenta años de edad. (Navarro Tomás 1975:9)

Con todo, algunas dificultades e outros proxectos do *CEH* acabaron atrasando o inicio da empresa. O coñecemento dos traballos que Antoni Griera principiara para elaborar o *Atlas Lingüístic de Catalunya* e as conferencias ofrecidas por Jakob Jud no *CEH* en 1923 volveron reactivar o *ALPI*. Na *Revista de Filología Española* dese mesmo ano xa se anuncia que o *ALPI* será dirixido por Tomás Navarro Tomás e que se estaban a realizar excursións preparatorias para fixar os criterios de elaboración. As múltiples ocupacións de Ramón Menéndez Pidal e a estadía de Navarro Tomás en Puerto Rico volveron adiar o comezo do proxecto por uns anos.

O *ALPI* foi unha das aspiracións máis importantes de Menéndez Pidal. O seu antecedente foron os mapas xeográficos históricos que se elaboraron na sección de filoloxía nos anos anteriores e algúns traballos da sección de folclore. Nas memorias da *Junta* non figura a data exacta en que empeza a funcionar a subsección do *ALPI*. Ao parecer de José María López Sánchez, debeu ser entre os cursos 1928-1929 e 1929-1930 (López Sánchez 2003). Navarro Tomás e Aurelio M. Espinosa (fillo) encargáronse dos primeiros traballos e da preparación do cuestionario. O atlas esperou o interese da *Junta de Relaciones Culturales* que fixo unha pequena doazón, para subvencionar o inicio dos traballos. En 1931 uniuse ao equipo Lorenzo Rodríguez Castellano. Durante esta época foron incrementándose as excursións pola península.

Antes de rematada a década dos trinta, Navarro Tomás tiña xa escollidos os puntos de enquisa, elaborado un cuestionario de cincocentas preguntas e establecidas as normas de transcripción. Só restaba escoller e formar o equipo de colaboradores. Aínda que Navarro pensara desde o comezo en Amado Alonso como a persoa idónea para encargarse da realización das entrevistas, a marcha de Alonso para a Arxentina levou a que se acordase convocar uns cursos no *CEH* para adestrar un equipo de investigadores na transcripción fonética e nos métodos de enquisa. Os pesquisadores debían ser naturais do dominio investigado e tiñan que estar formados de xeito uniforme. Os cursos prolongáronse ata que se conseguiron investigadores dispostos a implicarse no proxecto:

Resultó menos difícil de lo que cabía suponer, la formación de los tres equipos indicados. La mayor parte de los miembros designados fueron graduados de la

Facultad de Letras de Madrid, donde habían seguido cursos de filología. No era en realidad nada incitante la invitación que se les hacía a participar en una empresa de varios años, con las incomodidades de viajes y hospedajes por los caminos menos transitados de la Península y sin más estímulo económico que una insignificante remuneración. (Navarro Tomás 1975:11)

Ao redor do ano 1933 o equipo estaba case definitivamente constituído, xa se fixeran varias exploracións e mesmo algunhas probas de recollida de datos. Para distribuír o traballo dos grupos de investigadores o territorio peninsular dividiuse en tres zonas; de cada unha das zonas ían encargarse dous investigadores: Manuel Sanchis Guarner e Francesc de Borja Moll da zona catalano-aragonesa (96 localidades); Lorenzo Rodríguez Castellano e Aurelio M. Espinosa (fillo) da castelá (276 localidades); e Aníbal Otero e Rodrigo de Sá Nogueira da galego-portuguesa³ (156 localidades). Navarro tiña intención desde o comezo do proxecto de dispoñer de instrumentos que lles permitisen aos investigadores facer unha descripción fonética moi precisa das variedades que ían analizar. Finalmente non se puido contar coa “maleta o estuche de viaje” de instrumentos ansiada por Navarro Tomás e a información fonética recolleuse nos cadernos por medio das transcricións feitas de oído, aínda que cun moi detallado e á vez complicado alfabeto fonético ideado por Navarro⁴. A recollida dos datos comezouse en 1931 e a mediados de 1936 viuse interrompida pola Guerra Civil. A esta altura só faltaba unha pequena parte dos puntos de Cataluña e Valencia e a maioría dos situados en Portugal:

El verano de 1936, cuando estalló la guerra civil, estaba terminada la encuesta de la zona castellana, faltaban sólo unos lugares del norte de Gerona y del Rosellón en la zona catalano-valenciana, se había completado Galicia y se había empezado el estudio de Portugal. Guardo en mi intimidad el homenaje de mi admiración por estos jóvenes compañeros que con tanta decisión, perseverancia y eficacia efectuaron su difícil misión. (Navarro Tomás 1975:15)⁵

Hai noticia de que en 1933 Navarro, Espinosa e o daquela novo colaborador galego, Aníbal Otero, fan a primeira excursión a Galicia. Aníbal Otero era en 1931 un mozo de vinte e dous anos que estudara na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid. Comezara a súa adicación filolóxica colaborando na recollida de romances nas súas

³ O investigador portugués, fundador e director da *Revista de Filología*, abandonou por propia decisión o proxecto. Foi primeiro substituído por Armando Nobre de Gusmão e finalmente por Luis Filipe Lindley Cintra.

⁴ Sobre esta intención encóntranse información nos artigos de Pérez Pascual (1999) e Pedrazauela (2005).

⁵ Lorenzo Rodríguez Castellano realizou en 1947 algunas enquisas na área do oeste de Asturias.

terras luguesas. A lectura dunha referencia de Ramón Menéndez Pidal aos traballos de recopilación de materiais do romanceiro popular aparecida no diario *El Sol* en 1928, alentárao a recoller e enviarlle romances ao musicólogo asturiano Eduardo Martínez Torner, daquela colaborador de Pidal no proxecto *Epopeya y Romancero* (Valenciano 1998). Como comenta Diego Catalán, Otero serviu de guía e colaborador entusiasta na recollida dos materiais non musicais do romanceiro en Galicia (Catalán 2001). En 1931 recibe unha pequena pensión para percorrer lugares da área da Fonsagrada e da terra asturiana dos Oscos recollendo romances. Neste mesmo ano ingresa no *CEH* como colaborador da sección encargada do *Romancero general de España*.

Segundo figura nos cadernos de enquisa, os traballos de recollida de material para o *ALPI* en Galicia desenvolvéreronse entre 1934 e 1935⁶ en tres xeiras sucesivas. A primeira enquisa fixose en Chantada, o 9 de abril do ano 1934. Despois dunha interrupción de case tres meses, comézase unha segunda xeira por corenta e unha localidades que vai de xullo de 1934 a abril de 1935. O último grupo de enquisas, dez localidades, cubríronse nos tres últimos meses de 1935⁷.

Aínda que no proxecto inicial o grupo que se ía ocupar da área galego-portuguesa estaba constituído por Otero e un investigador portugués, os traballos no territorio galego foron realizados Otero e Aurelio M. Espinosa (fillo). Otero encargouse de xeito completo das quince localidades da Coruña, das catorce de Lugo, das trece de Pontevedra e de catro de Ourense. En sete lugares do sur e oeste da provincia de Ourense foron Otero e Espinosa (fillo) os que realizaron a investigación de campo. Aurelio Macedonio Espinosa (fillo) nacera en Albuquerque, Novo México, formárarse na universidade de Stanford e fixera o doutoramento na Universidade Complutense de Madrid. Era fillo de Aurelio M. Espinosa, reputado filólogo e folclorista de orixe hispana nacido nos Estados Unidos. Espinosa (fillo) foi dos primeiros investigadores seleccionados por Navarro para formar parte do equipo do *ALPI*, participou na elaboración do cuestionario e colaborou no proxecto como un dos más prolíficos investigadores ata o ano 1936⁸.

O reparto dos labores dos enquisadores estableceuse xa ao inicio do proxecto (Navarro Tomás 1975:14). Nas localidades galegas Otero encargouse das transcrições completas de case todos os cuestionarios e Espinosa (fillo) colaborou na parte do vocabulario de sete puntos da provincia de Ourense⁹. Os desprazamentos entre as

6 O primeiro cuestionario completado debeu ser o de Chantada e o último o de Sismundi (4 de decembro de 1935).

7 No caderno da enquisa do Bolo non figura a data de realización.

8 Segundo consta na introducción do volume publicado do *ALPI*, Espinosa encargouse, con algún dos outros investigadores, de 240 enquisas (Navarro Tomás 1962).

9 Espinosa, antes de unirse a Otero, estaba a realizar as enquisas do oeste da provincia de Zamora (novembro de 1935).

localidades fixéronos a pé e, cando era posible, en coche de liña. Segundo as datas que figuran nos cuestionarios, os investigadores deberon botar entre dous e tres días en cada lugar. A rede de localidades galegas do *ALPI* estaba formada por vilas e aldeas de tamaño mediano, na maioría dos casos cabeceiras de concellos. A intención de Navarro Tomás ao escoller os lugares de enquisa fora evitar as ciudades:

No se incluirían las capitales de provincia ni centros urbanos importantes, por la misma razón de método que hacía prescindir, en los pueblos menores, de las personas instruidas. El habla de los pueblos mayores y de las capitales requería un estudio especial que atendiera a las varias maneras de la vida urbana y a los diversos niveles de su composición social. (Navarro Tomás 1975:10)

As 53 localidades galegas incluídas no *ALPI* en Galicia¹⁰ fan do territorio galego unha das áreas lingüísticas mellor exploradas no proxecto, tanto tendo en conta a poboación que Galicia tiña daquela como a superficie¹¹. En cada unhas das localidades os investigadores debían escoller persoas que cadrasen co perfil clásico requiredo nas investigacións de xeografía lingüística. Os informantes galegos foron na súa maioría homes (46 homes e 7 mulleres), dunha idade media de 59¹² anos e adicados a traballo agrícolas¹³. Aínda que a maior parte declarou que sabía ler, máis da metade anotaron que o facían con dificultade. En 14 lugares os investigadores entrevistaron a dúas persoas, no resto o cuestionario completouse coas respostas que facilitou un único informante.

O inicio da Guerra Civil sorprende a Otero facendo enquisas para o *ALPI* en terras portuguesas. Otero e Gusmão comenzaran a realización das enquisas portuguesas no distrito de Lisboa a finais de maio de 1936. O último cuestionario datado antes do inicio do levantamento militar (20 de xullo) corresponde á localidade de Paderne, preto de Melgaço, no distrito de Viana do Castelo¹⁴. Unhas palabras ditas por Otero

¹⁰ As localidades de enquisa identifícaronse cun número de tres díxitos. Ás localidades galegas correspondentes do número 100 ao 152. A localidade de Muros está identificada co número 152b (152 é A Lavacolla).

¹¹ A media de superficie por punto é de 558 m²; a de habitantes por punto é de 42.080 persoas, tomando como referencia o censo de 1930 (2.230.281 habitantes). Para Portugal as medias son de 858,27 m² e 65.407 persoas por punto.

¹² As idades dos informantes están comprendidas entre os 39 e os 82 anos: 26 entre 39 e 50 anos, 20 entre 60 e 69 anos e 7 entre 70 e 82 anos.

¹³ As respostas que figuran nos cuestionarios son labrego (45), labrego e outra profesión (4), canteiro (1), mariñeiro (1), muiñeiro (1) e pegureiro (1).

¹⁴ O equipo encargado do territorio portugués completou catorce cuestionarios ata que prenderon a Otero. O percorrido dos investigadores começara en Povos, no distrito de Lisboa e continuara por localidades dos distritos de Santarem (Rio Maior e Almeirim), Setúbal (Moita), Lisboa (Almargem do Bispo e Alcabideche), Coímbra (Montemor-o-Velho), Porto (Vila do Conde e Santo Tirso), Braga (Fafe e Marinhas) e Viana do Castelo (Portuzelo, Moledo e Paderne).

nun hotel de Valença do Miño en favor da legalidade republicana española fixeron que a policía portuguesa o detivese e o entregase aos carabineiros de Tui. O cinco de agosto o mozo de vintecinco anos que percorría a fronteira nun coche pagado polo governo republicano e levaba a canda el uns cadernos escritos nun alfabeto estranxo entrou no cárcere acusado de espionaxe¹⁵. A intercesión de Xesús Carro en Tui non conseguiu libralo do cárcere. As xestións de Ramón Menéndez Pidal, Xerardo Álvarez Gallego e Caetano García Lago, presidente do Centro Galego da Habana, diante das autoridades académicas, políticas e militares algúns efecto tiveron para que non fose executado e se comprendese o labor científico que estaba a desenvolver¹⁶. Otero obtivo a liberdade definitiva en 1942 e ata 1953 non volvے aos traballos do *ALPI*, desta vez acompañado por Cintra¹⁷. O infausto episodio do cárcere marcou fondaamente a Otero e foi domeando a súa saúde ata a morte. Nunha carta escrita a Moll nos anos corenta para felicitalo pola súa actividade editorial, enxérgase o desengano e o pesimismo nas palabras de Otero:

Celebraré que tu salud no se resienta en la labor de lanzar libros al mercado. Desde mi puesto de agricultor y pastor, de hombre pegado a la tierra y con el alma telurizada, no comprendo ya que uno pueda vivir en el mundo artificial de los libros sin que le sobrevenga un castigo cósmico. (Moll 1975:77)

Bibliografía

- CATALÁN, D. (1974): *Lingüística ibero-románica. Crítica retrospectiva*. Madrid: Editorial Gedos.
- CATALÁN, D. (1982): “El modelo de investigación pidaliano cara al mañana”, en W. Hempel e B. Briesemeister: *Actas del Coloquio hispano-alemán Ramón Menéndez Pidal*. Tübingen: Max Niemeyer, 40-64.

15 Na novela de Otero *Esmoriz* relátase a detención. Nun capítulo da autobiografía de Francesc Moll faise referencia a estes feitos e transcríbese unha carta de Otero do 26 de febreiro de 1940 sobre o acontecido: “Entregado por la policía portuguesa a las autoridades militares de Tuy el 5 de agosto 36, ingresó en la cárcel, acusado de espionaje (el alfabeto fonético era una clave; el dinero del Centro, oro ruso). Es de advertir que, cuando estuvo en Tuy haciendo el trabajo para el Atlas, la policía quiso detenerle por haber puesto en la hoja del Hotel la profesión de filólogo”. Otero refírese a el mesmo na carta en terceira persoa “la odisea del amigo que te interesa” e remata “Si quieres escribirle, tienes que hacerlo como hermano, pues los reclusos sólo pueden escribir a su familia” (Moll 1975:63-65). Tamén Santamarina informa sobre o ocorrido (Santamarina 1975:7-8).

16 Diego Catalán fai unha minuciosa descripción da mediación de Ramón Menéndez Pidal diante de Felipe Gil Casares, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, o representante de Franco en Cuba e a comunidade galega da Habana (Catalán 2001:192-196 e Pérez Pascual 1999:288-290).

17 En 1947 parece que se considerou a posibilidade de excluir a Portugal do Atlas e publicar só os materiais de España. Finalmente retomouse a decisión inicial de facer un atlas lingüístico de todas as variedades romances peninsulares (Pedrazuela 2005).

- CATALÁN, D. (2001): *El Archivo del Romancero: patrimonio de la humanidad. Historia documentada de un siglo de historia*. Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal.
- LÓPEZ SÁNCHEZ, J. M^a. (2003): *Las ciencias sociales en la edad de plata española: el Centro de Estudios Históricos (1910-1936)*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid. Memoria presentada para obter o grao de doutor.
- MOLL, F. de B. (1975): *Els altres quaranta anys (1935-1974)*. Mallorca: Editorial Moll.
- NAVARRO TOMAS, T. (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. Volume I. Fonética*. Madrid: CSIC.
- NAVARRO TOMAS, T. (1975): “Noticia histórica del ALPI”, en *Capítulos de geografía lingüística de la Península Ibérica*. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo, 9-21.
- OTERO ÁLVAREZ, A. (1994): *Esmoriz*. [Barcelona]: Sotelo Blanco.
- PEDRAZUELA FUENTES, M. (2005): “Nuevos documentos para la historia del ALPI”, *Revista de Filología Española*, 85, 2, 271-293.
- PÉREZ PASCUAL, J. I. (1998): *Ramón. Menéndez Pidal: ciencia y pasión*. [Valladolid]: Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura.
- PÉREZ PASCUAL, J. I. (1999): “Algunas notas sobre la prehistoria del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*”, en P. Carbonero, M. Casado e P. Gómez (eds.) *Lengua y discurso: estudios dedicados al profesor Vidal Lamíquiz*. Madrid: Arco/Libros, 751-760.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. (1975): “Aníbal Otero (1911-1974)”, *Verba*, 2, 7-12.
- VALENCIANO, A. (1998): *Os romances tradicionais de Galicia: catálogo exemplificado dos seus temas*. Madrid/Santiago de Compostela: Centro Centro de Investigación Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” / Fundación Ramón Menéndez Pidal.